

**BOLETÍN DO CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS
DA UNIVERSIDADE DE BANGOR
Número 3, verán de 2009**

Ola a todas e a todos de novo! Igual que viñamos facendo nas dúas edicións anteriores, o boletín do Centro de Estudos Galegos en Gales está de volta para vos achegar o resumo das actividades levadas a cabo dende o noso particular paraíso septentrional galés durante o pasado curso académico 2008/2009.

Xa que logo, agardamos que vos contaxiedes do noso optimismo animándovos a serdes partícipes dos nosos eventos. De momento, acompañádenos nesta viaxe temporal e descubriredes o que estivemos argallando estes últimos doce meses: cantigas e bailes, videoconferencias a tres bandas ou xornais dixitais son algunhas das novidades que vos queremos contar decontado. Mais, de seguides lendo estas liñas ata o final, notaredes que este ano non precisamos da colaboración de escritoras de gran

talento, nin de prestixiosos investigadores chegados de diferentes partes do mundo: porque os verdadeiros protagonistas do ano xa estaban aquí, na nosa universidade.

**Posta en marcha da biblioteca do
CEG e novas aulas de Historia de
Galicia**

Durante o curso académico 2008-2009 a organización de actividades do noso centro foi distinta á dos anteriores, debido en gran parte ao ano sabático por investigación da súa directora, Helena Miguélez Carballeira (directora tamén da sección de Español) e á consecuente reestruturación de tarefas no departamento. Porén, puxéronse en marcha diferentes proxectos que agardamos que sexan do voso interese. Comezamos polo que está relacionado cos nosos fondos bibliográficos, xa

que o pasado mes de outubro comezou a funcionar o servizo de préstamo da Biblioteca do Centro de Estudos Galegos, que está á disposición do alumnado da Escola de Linguas Modernas. Se tendes interese en consultar o noso catálogo –que a pasada primavera e inverno aumentou considerabelmente- podedes facelo no seguinte enderezo:

[http://www.bangor.ac.uk/ml/galician/R
ecursosdoCentrodeEstudiosGalegos.ph
p](http://www.bangor.ac.uk/ml/galician/RecursosdoCentrodeEstudiosGalegos.php)

Outra novidade foi a inauguración do módulo Historia de Galicia, materia ofrecida aos estudantes de segundo curso durante o segundo cuadrimestre, que ofrece unha panorámica sobre a nosa historia contemporánea. Xunto cos dous módulos cuadrimestrais de lingua galega (Galego I e Galego II) que xa se viñan dando nos últimos anos, o estudantado de Bangor ten agora a posibilidade de se matricular en tres módulos diferentes relacionados coa nosa cultura.

Os estudantes de Bangor van levar unha pouca roupiña

No mes de decembro tivo lugar no salón Powis Hall da facultade de Main Arts a festa de Nadal da Escola de

Linguas Modernas. Alí, o alumnado e o profesorado da escola colaborou nun festival multilingüe onde, como non podía ser doutro xeito, as panxoliñas cantadas en diferentes linguas foron a parte central do evento. Unha das actuacións máis memorábeis da noite foi a ‘Galician Christmas carol’, onde tres estudantes de lingua galega – Geoffrey Baines (voz), Jason Booker (voz e guitarra) e Alex Kirkland (voz)-, xunto coa colaboración do lector de español David Miranda Barreiro (voz) e a lectora de galego Marta Prego Graña (voz e pandeiro)- interpretaron a panxoliña ‘Unha pouca roupiña’, tema que os estudantes xa viñeran ensaiando nas aulas de galego. O bo humor e a espontaneidade dos alumnos fixeron da actuación un dos momentos máis paveros da noite.



De dereita a esquerda: Marta, David, Geoffrey, Alex e Jason interpretando ‘Unha pouca roupiña’ no festival de Nadal da Escola de Linguas Modernas.

Foliada de Bangor-Cedeira-Ferrol

O vinte e sete de abril o Centro de Estudos Galegos en Gales participou no proxecto do *Fiadeiro*, organizado polo Departamento de Normalización Lingüística da Escola de Idiomas de Ferrol en colaboración coa Escola de Idiomas de Cedeira. Esta iniciativa – Premio de Innovación Lingüística da Xunta en varias ocasións- chegou a Bangor co obxectivo de favorecer unha conversa espontánea en lingua galega na rede, entre a xente que estuda lingua inglesa en Ferrolterra e a xente que estuda lingua galega en Gales. Cada *fiada* -que tamén se realiza noutros países onde se estuda o galego- ten como eixo central un tema específico da cultura galega: o baile e o traxe tradicional galegos (tema que tamén se traballara nas aulas previamente) foi o seleccionado para a fiada galego-galesa, tema que serviu para rematar mantendo unha conversa sobre temas máis xerais. Así mesmo, a videoconferencia a tres bandas (Ferrol-Cedeira-Bangor) contou coa participación especial da agrupación tradicional ferrolá *Tróupele* - que fixo varias demostracións de baile en directo dende Ferrol-, e coa actuación estelar dos tres participantes de Gales -

quen acabaron marcando uns puntos de muíñeira diante da cámara web.




Jason, Geoffrey e Alex (de esquerda a dereita) nun momento da videoconferencia.

Lanzamento de *Galicia21, Xornal de Estudos Galegos*

Durante o mes de xullo, aproveitando a celebración do IX Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos, tivo lugar en Compostela a presentación oficial de *Galicia21, Xornal de Estudos Galegos*, a primeira revista académica na rede e en formato bilíngüe -galego e inglés- adicada ao eido dos estudos galegos. Coeditada pola directora do CEG en Gales, Helena Miguélez Carballeira, xunto con Craig Patterson (Universidade de Cardiff), *Galicia21* está a recibir unha moi boa acollida entre as lectoras e os lectores de todo o mundo. No primeiro número inclúense artigos de María do Cebreiro, Anxo Lorenzo, Miguel Anxo

Murado ou María Reimóndez, así como unha entrevista a Domingo Villar e varias recensións bibliográficas. Para entrar na súa páxina web, preme a seguinte ligazón: www.galicia21journal.org



Imaxe do primeiro número de *Galicia21*

Unha nova fornada de estudantes do norte de Gales invade Galiza

Como xa viña acontecendo nos dous últimos anos, o alumnado da Escola de Linguas Modernas de Bangor volveu ser protagonista nos cursos de verán en lingua galega para estranxeiras e estranxeiros levados a cabo no mes de xullo nas universidades galegas. Jason Booker (Universidade de Compostela), Jennifer Roberts (Universidade de Vigo) e Tom Mallet (Universidade de Santiago) –este último xa tiña estado

en Galiza o pasado verán- coincidiron en Galiza para perfeccionar os coñecementos adquiridos nas clases de lingua e historia galega durante o ano académico, así como para descubrir Galicia de primeira man. Velaquí está o testemuño de Jason:



De esquerda a dereita, Jason Booker (USC), Jennifer Roberts (UVI) e Tom Mallet (USC), sentados na Praza do Obradoiro


“Andando polas rúas de Santiago pódese sentir algo moi especial- pola noite, sobre todo, ten un ambiente xenial. Escollín Compostela como destino para o meu ano Erasmus despois de ver unhas imaxes da parte vella da cidade, e entón decidín facer o curso de galego durante xullo para coñecela un pouco antes de ir alí; só podó dicir que se queres coñecer unha cidade de Galiza, o curso é o modo perfecto para facelo. Alí todo o mundo é moi amable e paciente cando intentas practicar a lingua con eles, e todas as actividades do curso están moi ben organizadas; tamén o que estudas está moi ben porque pode cambiar segundo os gustos e niveis dos estudantes. O que a min me gustaron máis foron as conferencias nas cales o orador se

emocionou moito- pódese ver o interese e amor que teñen polo que presentan. Basicamente, no curso aprendes moita gramática durante o día, e despois pola noite saes para practicar con boa xente, comida e viño- é a mellor maneira de aprender unha lingua!”

E ata aquí chegou o noso terceiro boletín, pero non queremos despedirnos sen antes darvos as grazas a todas e a todos vós, que nos dades a ilusión necesaria para seguir traballando dende o norte de Gales para que a nosa lingua e a nosa cultura sigan vivas: non nos cansaremos de dicir o importante que é poder contar co voso interese, coa vosa colaboración, coa vosa curiosidade por aprender a nosa lingua e a nosa cultura e, por suposto, por contarnos contigo, que estás aí lendo isto!

Estaremos de volta a finais do vindeiro curso para darvos conta do que deu de sí o ano académico 2009-2010. Polo de agora, xa vos adiantamos que durante o mes de marzo contaremos coa presenza da recoñecida tradutora, intérprete e novelista María Reimóndez, con quen reanudaremos a Residencia de escritoras/es galegas/os. Non perdades de vista a nosa páxina web

<http://www.bangor.ac.uk/ml/galician/index.php?menu=16&catid=4734&subid=0> . Un feixe de apertas galegasas!



-Os que nacemos en Galicia somos galegos.

-Home, hainos que non nacen en Galicia que son máis galegos.

Kiko da Silva (2009)